




EDITA COMISIÓN DE FESTAS
DISEÑO J.I. Álvarez Riobó
© COPIMEU

19
98
A FESTA DOS NOZOZOS
EN HONOR A VIRXE DO CARME



beluso 98

A FESTA DOS MOZOS

19
98
s a ú d o d o s m o z o s

Este ano os Mozos de Beluso decidémonos e comprometémonos a rescatar do esquecemento unha das tradicións más bonitas e características da parroquia: a Festa dos Mozos. ¿Quen sabe xa cantos anos hai que non se celebraban?, doce, trece...

En tempos foron uns festexos moi animados, atraendo á xente dos arredores (Cela, Bueu, Ardán, Cangas, Marín...), e facendo as veces de potente reclamo turístico. Os Mozos da parroquia queremos volver a vivir a alegría que adorna as festas do verán, coa música, os xogos, as procesións e os Vivas. Que a festa non sexa máis que unha excusa para volver a animar as rúas da parroquia coas nosas tradicións, deixando aparcadas por un día a diversión das discotecas ou o entretenemento da televisión.

Queremos que as calles se animen e enchan coa xente. Recuperando o ruxeruxe das conversas entre veciños, e que en Beluso non ocorra o que tan ben cantan as coplas dunha jota de Soutelo de Montes:


*Onde vai que non nos vimos
máis hai que non nos falamos
xa o camiño bota herbas
donde nos paseabamos.*

Que vos divirtades na Festa.

Os Mozos de Beluso, verán do 1998



Publicidade



H A D Í M
J O Y E R Ó S

FESTINA

SEIKO

CITICEN

Pazos fontenla, 26 - telf 986 3207 15 - Bueu

VALÍNO
ESPEcTÁCULOS

ORQUESTAS
CONJUNTOS
ATRACCIONES

General Mola 17-1°C - 36001 Pontevedra
telf 986 85 84 00 - móvil 908 98 56 57 - fax 986 85 84 63

festa dos mozos, 1998

A FESTA DOS MOZOS

a
s
o
r
i
x
e
s

A Festa dos Mozos goza dunha gran tradición en todo o concello de Bueu. Ao longo dos meses do verán celebrábase nas parroquias de Cela, Bueu e Beluso, facendo destas festas as más importantes do ano.

Aínda que non son muitos os estudos sobre as Festas dos Mozos, últimamente están a sair interesantes investigacións neste sentido (Xosé M. Cerviño Mera. "As Festas dos Mozos na Parroquia de Bueu". En: Pontenova. Revista de Novos Investigadores. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra, 1998). Segundo a información oral dos propios veciños de Bueu, é na parroquia de Cela donde, a finais do século XIX, empezou a tradición de celebrar a Festa dos Mozos. Nunha carta que o Presidente da Comisión de Bueu lle dirixe ao concello, con data do 7 de setembro de 1901, dise que a festa está "dedicada á (sic) la Virgen de los Dolores; y siguiéndose (sic) la costumbre de años anteriores (...)".

Organiza a festa da Sociedade da Función dos Dolores Juventud de Bueu

quen invita á

corporación

municipal á misa,
eso sí, pedíndolle
antes unha
subvención de 50
ptas.

As primeiras novas escritas en relación á Festa dos Mozos de Beluso son as recollidas polo xornal local *La Voz de Bueu* en 1904: "En Beluso, con mal tiempo, fiestas los días 24 y 25 (de setembro) con las bandas de Moaña y Cabeiro. Gaitero Daniel Pastoriza, tamboril Bión, y bombero Victoriano. A las once se reunieron en Ruanova los mozos,

con distintivo azul y blanco, en dos filas y con las músicas acudieron a la misa oficiada por don José A. Ferro. Luego, procesión hasta el Cristo. A las cinco en el atrio concurso de mulñeira al que se presentaron solamente parejas. Ganó Benito Gómez, de Bueu con Esperanza Pérez, esposa del gaitero".




Publicidade

CARPINTERÍA DE ALUMINIO

VILLANUEVA

Vilar - Beluso
telf 986 32 10 49

A CENTOLEIRA



RESTAURANTE - HOSTAL

Praia de Beluso, 28 - Bueu
Telf 986 32 08 96/32 34 81 Fax 986 32 34 81

festa dos mozos, 1998

A FESTA DOS MOZOS

As autoridades gobernativas consideran perigosa a gran concentración de xente nas festas, e así tentan evitar o descontrol e revolución. Unhas Ordenanzas Municipais para o concello de Bueu, publicadas a finais do século pasado, prohíbeno case todo, e así non se permitirá andar pola rúa en determinados momentos da tarde nem facer bulras das institucións gobernativas, militares ou relixiosas. Calquera que non respete o dispuesto anteriormente corre risco de ser detido polos axentes da autoridade. Así é como en 1918, o Presidente da Comisión dos Mozos de Beluso (Manuel Pastoriza) solicita do concello unha parella da Garda Civil, para garantir esa orde que se lles solicita.

Xa foron tempos nos que os Mozos de Beluso ían as festas de Cela, e logo eran estes os que devolvían a visita nas festas de Beluso. Co tempo, os inevitables roces entre parroquias fixo que os mozos de Cela empezasen a invitar á mocidade de Ardán. Pero esta xa é outra historia.


Existe unha diferenza entre as festas de Beluso e as das demais parroquias. Mientras que en Cela e Bueu os festexos están adicados aos Dolores, en Beluso a Virxe do Carme é a patrona da mocidade.

A nosa parroquia é unha zona donde o Mar marca todos os acontecementos da vida local: a economía, a sociedade, a cultura e por suposto que tamén no xeito de celebrar as súas festas. É así como a Virxe do Carme,

Patrona dos homes do Mar, ten un lugar principal nas súas celebracións relixiosas. A Virxe protexe aos mariñeiros no traballo, acódelles nos naufraxios e tamén nos temporais. Pero tamén lles ofrece protección despois da morte, intercedendo por eles ante Deus.

É case imposible establecer unha data na orixe das festas do Carme, fundamentalmente pola falta de información xa referida. Aínda así, podemos decir que estas xa se facían a principios de século, coma froito dunha longa tradición.

A imaxe da Virxe do Carme que hoxe se conserva no interior da igrexa parroquial de Beluso, ten unha relativa antigüidade. Foi feita en 1931 polo imaxeiro Rivas, o mesmo artista que máis tarde faría a figura do Carme para a Igrexa de Bueu.



Publicidade



CALZADOS
Y
COMPLEMENTOS

Rúa Nova de arriba, 111
telf 986 32 07 22 - Beluso



Pazos Fontenla, 31
telf 986 32 41 11 - Bueu

ARLEQUIN

juguetes
regalos
todo para carnaval

Montero Ríos, 93 - telf 986 32 00 44 - Bueu

A FESTA DOS MOZOS

A espectación no día da festa é moi grande. Dende moi cedo chega xente dos arredores: Aldán, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Cela e Meiro. Xunto cos turistas tamén chegan os familiares e coñecidos, aos que xa hai moito tempo que non se mira. Estas visitas e a mesma festa serven de excusa para facerse traxes novos e sair á rúa vestidos de domingo. E como non se entende a festa sen estrenar algo novo, tamén se inauguran manteis na comida familiar. Tal cantidade de xente en festa é vista polos máis agudos como un bo negocio, atraendo a tipos curiosos e toda clase de picariños. Neste sentido o *Faro de Vigo* (1922), trata de advertir á xente da parroquia sobre un embaucador que percorre a zona:

Hace varios días que un individuo bien trajeado y que dice ser <<adivino>>, recorre estos lugares acompañado de un niño sonámbulo, al cual hipnotiza y en colaboración con él predice el porvenir y da noticias de personas ausentes.

Mucha gente de las aldeas, demasiado crédula, acude a él en consulta, la que es cobrada por adelantado, y a razón de cinco pesetas, por contestar a cada pregunta que se le hace.

Sería conveniente que, por quien corresponda, pusiera a buen recaudo al desaprensivo o sugeto (sic), porque se nos figura que es poco lícito el negocio de explotar a los incautos.



De sempre foi a igrexa de Beluso o lugar central no dái da festa. Alí se celebraba a misa solemne da mañá, e no terreo anexo ao Adro organizábase a verbena que amenizaban as agrupacións musicais más famosas dos contornos. A misa do Carme era seguida dunha procesión multitudinaria encabezada pola imaxe da Virxe. Durante o traxecto, os sons da Banda e as explosións das bombas acompañaban o silencio dos fieles.

Terminados os actos relixiosos, a Comisión de Festas organizaba

Publicidade

CIENTO
100

Alfonso R. Castelao, 6
36930 Bueu

CAFE - BAR
ROCA
VIVA

TAPAS E VIÑOS DO PAÍS

R/ Cabo Udra, 143
Telf 986 32 10 89 - Beluso

churrasco
SOL Y MAR

BACALAO A LA BRASA
EMPANADA DE MAIZ
PESCADO DE LA RÍA
VINOS DEL PAÍS Y RIOJAS

se atienden encargos

Costa Figueirón - Beluso
Telf 986 32 12 61

MERCERÍA
CARMIÑA

confección y regalo

A FESTA DOS MOZOS

a
mú
s i
c a

unha serie de actividades orientadas a crear un constante ambiente de festa e alegría: pasarrúas con gaiteiros, carreiras de sacos, partidos de fútbol, carreiras de cintas, cucañas...

Gaiteiros e bandas

Se se quere animar unha festa a música é, lóxicamente, o elemento máis importante. A Beluso sempre viñan as más famosas orquestras dos contornos: a banda municipal de Porriño, a de Coruxo, e as non menos coñecida de Ribadavia ou Soutelo de Montes. Dentro do mesmo concello de Bueu existían agrupacións moi boas, áinda que sen duda a máis coñecida era a de *Paratcha*. Esta banda de música comenzou a funcionar cara finais do s. XIX con Miguel Paratcha Rodríguez, continuando a tradición o seu fillo Miguel Paratcha Otero, quen en 1922

fundou e dirixiu a banda municipal de Bueu. A Banda de Paratcha Otero estaba formada fundamentalmente por rapaces, entre os que tamén había xente de Beluso: ao trombón Manuel González Porteliña, e que anos máis tarde formou parte da orquestra dos *Irmáns Portela*; tamén tocaba con Paratcha Joaquín Barros, quen cara 1911 formou un conxunto de gaitas cos seus irmáns Gaspar, Manolo e Constante (os Gaiteiros Barros). Esta tradición gaiteira foi recollida polos fillos de sr. Joaquín Barros: Alberto, Garpar e Eugenio.

As gaitas eran as lle daban vida a festa durante todo o día, tocando o instrumento por toda parroquia e moitas veces co único pago dunha cunca de viño. Houbo gaiteiros moi famosos en Bueu: Benito Martínez (1855), Daniel Pastoriza e o veciño de Beluso *Tornillo* (anos 20), os xa citados Barros...



Publicidade

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

**POUSADA
E
HIJOS S.L**

C.I.F. 36.302.682
Ctr. Praia de Lagos, 26
Beluso-Bueu-Pontevedra

**TANDY
BELUSO**

GRUPO FROIZ

Telf 986 32 32 35

**BAR - MESÓN
BREOGÁN**

les ofrece sus riquísimos
ARROZ CON VOGABANTE
ARROZ CON MARISCOS
P A E L L A
TAPAS VARIADAS

*no deje de visitarnos,
no le defraudaremos*

Vilar, 10, Beluso - Bueu

SOLIÑO
**droguería
perfumería**

Telf 986 32 02 21- Beluso

A FESTA DOS MOZOS

i l u
mina
ción
e
actos
f e s
t i
v o s

iluminación e lumes de artificio

Non se respira á festa se as rúas da parroquia non están engalanadas. Ademais das bandeiras, flores, cintas e guirnaldas que adornaban os balcóns e portas das casas, a Comisión no reparaba en gastos na hora de iluminar a verbena con bombiñas de cores e espectaculares combinacións de artificios. De sempre as bombas eran cousa de Juan Iglesias o coteiro e a súa familia, quen tiñan a fábrica en A Chádiza. A familia Iglesias recolleu boa fama polos seus impresionantes Castelos de lume, e que regularmente engrandecían a Festa dos Mozo. Pero áinda así o traballo do sr. Iglesias levaba uns cartiños, e en 1894 cobraba 22'25 ptas. por tres ducias de bombas



demais actos festivos

O día da festa era toda unha sucesión de actos e actividades nas que os mozos de Beluso organizaban non sen esforzo: un partido de fútbol entre o equipo local e un rival de fora, as famosas *carreiras de cintas* confeccionadas polas señoritas, competicións deportivas de todo tipo, cine, obras de teatro, concertos ao aire libre...

A tradición más arraigada e exclusiva da Festa dos Mozo era o sair ao encontro das mocidades das outras parroquias, convidadas pola Comisión, chegaban á tardiña para participar na ledicia de verbena. Esta tradición pervivía até non hai tanto tempo: os mozos de Beluso acodían a recibir aos das outras parroquias á recta do Pión, levando consigo

a
f e s
t a
d e
1 9
2 2

A FESTA DOS MOZOS

sobreiros adornados con cintas e arcos engalanados, acompañados sempre da música das gaitas. Era costume que o Presidente da festa lanzase Vivas na honra do grupo de mozos visitante, para logo compartir con eles o bó viño, que nunca faltaba nesta festa.

O lazo é un dos elementos tradicionais en todas as festas do concello. Xa en épocas anteriores a 1930, o feito de levar o lazo era mostra de contribuir aos gastos da festa cun peso, o que naquela altura eran moitos cartos. Quen tiña o lazo podía desfilar na marcha que, en dúas fileiras, facían os mozos de cada parroquia. Cara aos anos vinte o distintivo da mocidade de Beluso sempre era a escarapela de cores azul e blanco.

A festa de 1922

Dende sempre as festas dos mozos de Beluso tiveron unha grande sona en todo o concello de Bueu e os seus arredores. É así como a de 1922 se recorda coma a mellor celebrada en moito tempo: unha festa de tres días e na que non se escatimaron esforzos nin gastos. O Faro do 24 de setembro fala así destas festas: "Grandiosos y solemnes han resultado los festejos celebrados los días 16, 17 y 18 del corriente, en esta pintoresca villa, en honor de la Virgen del Carmen". Ao éxito da festa contribuiu poderosamente a numerosa y distinguida colonia de veraneantes, amén das familias procedentes das parroquias vecinas, incluso de Marín e Cangas.

Día 16

Un repique xeral de campás e unha salva de bombas inaugurarán oficialmente a Festa dos Mozos de Beluso. O famoso e apañado gaiteiro *Tornillo* vai animar a veciños e paseantes con alegres pasodobles polas rúas da parroquia, como preludio musical ás grandes bandas de música contratadas pola Comisión de Festas. Xa pola tarde, chegan a Banda Municipal de Porriño e a de Coruxo: a primeira sae de Bueu pasando pola Praia de Beluso, mentres que a de Coruxo comenza o seu pasarrúas desde outro punto de Beluso. Á tardiña vanse celebrar unhas vesperas na igrexa parroquial. Durante toda a verbena a música vai ser acompañada coa queima de distintas seccións de lumes de artificio e de aire, non faltando un bonito ramo de luces. A festa remata ás 2 da madrugada.

Día 17

Xa pola mañán, moi cedo, as Bandas de Coruxo e Porriño van reclamar aos durmientes percorrendo as rúas con *dianas* e *alboradas*. Ás 11 a chamada da música é atendida polos mozos, quen se agrupan no local da Comisión. Dende alí a comitiva, coas bandas de música á cabeza, diríxese á misa solemne cantada por un afinado coro musical. Entre as autoridades e os 300 mozos que alí estaban, vanse ocupar as naves centras da igrexa. O sermón deste ano está a cargo do párroco de Cangas Valentín Losada, a quen se lle considera coma un elocuente e magnífico orador. A procesión está presidida pola imaxe da Virxe do Carme, transportada a pulso polos mariños

a
fes
t a
d e
19
22

do buque de guerra Carlos V, engalanándose o aire con infinidad de globos e as bombas de rigor. Despois da procesión, as bandas de música ofrecen un concerto no mesmo Adro da igrexa.


A festa profana empeza pola tarde, cando a Mocidade de Beluso recibe á de Bueu e Cela na Ruanova. E todos xuntos diríxense até o lugar da festa, donde a Comisión Iles obsequia con viño a esgalla tras o brinde á saude da Virxe do Carme. Nesta tarde non se vai ter tempo para aburrirse: 5 hrs., concerto a cargo das bandas de música de Coruxo e Porriño. 6 hrs., sorteо dunha ternreira en presencia dun Xurado. 7 hrs., gran baile campestre.

9 hrs., gran espectáculo de luz e estoupidos co lanzamento de varias seccións de artificio e voladuras. Rematando o espectáculo coa queima dun sorprendente Castelo luminoso.

Ás 12 da noite unha salva de bombas anuncia o final dos festexos.

Día 18

As bandas de música e de gaitas volven a despertar aos veciños tocando dianas e alboradas, e recordarlles a misa que vai comenzar ás dez. Xa pola tarde os xogos e diversións van estar orientados cara aos rapaces coas cucañas e carreiras de sacos, áinda que non só os mocíños van ser os únicos participantes. Sobre as cinco da tarde haberá unha carreira de burros, e de 6 a 9 hrs. un gran paseo na praza da Ruanova, e que terá lugar ao mesmo tempo en que se celebre un gran baile *folión* local da Xuventude, no que unha afinada orquestra tocará até as dúas da mañán. Nese momento, unha salva de bombas dará por rematada a Festa dos Mozos.



A Comisión de Festas. Beluso, setembro de 1922


Publicidade

TALLERES FERMAR



reparación
general del
automóvil

Rúa Nova, 101
telf 986 32 21 08 - Beluso



LIBRERÍA Anguián

LIBROS DE TEXTO
REVISTAS
PRENSA
ENCADERNACIONES

ARTÍCULOS DE REGALO
BONOLOTO
PRIMITIVA
QUINIOLA

Montemogos, 157 - telf 986 32 07 15 - Bueu

festa dos mozos, 1998